



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **INSTRUMENTACIÓN VIII**

**curso 2019/2020**

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO )

**1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

**INSTRUMENTACIÓN VIII**

ESPECIALIDADES:	Composición				ITINERARIOS:	Todos						
CARÁCTER:	Obrigatoria				TIPO DE CLASE:	Colectiva						
DEPARTAMENTO:	Composición				XEFE DE DPTO.:	Paz Pita						
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Paz Pita						
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1		
ECTS/CUAD.								3	Observacións:	-		
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL				TITORÍA			
	Mario Seoane				<a href="mailto:marioseoane@edu.xunta.es">marioseoane@edu.xunta.es</a>				Venres 13:00-14:00			

**2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS**

DESCRITOR: Estudo e análise de obras e linguaxes compositivas diversas. Coñecemento de diferentes técnicas compositivas e sistemas de notación. Coñecemento das diferentes características e posibilidades técnicas e expresivas dos instrumentos e das resultantes derivadas da súa combinación. Coñecemento e asimilación dunha ampla gama de recursos creativos a través do traballo en distintos contextos artísticos con formacións vocais e instrumentais diversas.

COÑECEMENTOS PREVIOS: Os propios do cuadrimestre anterior.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: T1, T2, T15

COMPETENCIAS XERAIS: X5, X10, X15, X17, X20, X23

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: EC1, EC2, EC3, EC4, EC5, EC6, EC11

Ver a lista de descritores e competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, anexo III

**3. OBXECTIVOS**

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer as características e posibilidades técnicas, sonoras e expresivas dos diferentes instrumentos, tanto a nivel individual como no seu emprego nas diversas agrupacións tradicionais e non tradicionais.	T1, T2 X15, X17, X20 EC1, EC2, EC3, EC5, EC6
Aplicar os coñecementos teóricos na práctica, a través da realización de exercicios específicos de orquestración, instrumentación e transcripción, así como a través da disciplina de composición.	T1, T15 X5, X10, X15, X17, X20, X23 EC1, EC2, EC4, EC5, EC6, EC11
Coñecer e ser quen de aplicar nos diferentes exercicios prácticos as particularidades do uso instrumental nas diferentes épocas e estilos.	T1, T2, T15 X15, X17, X20, X23 EC1, EC2, EC3, EC5, EC6
Incorporar á propia actividade creativa os coñecementos específicos sobre os diferentes instrumentos.	T1, T2, T15 X5, X10, X17, X20, X23 EC3, EC4, EC6, EC11



4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A orquestra	Práctica de todos os usos e estilos de escritura para orquestra.	8
3. A banda	Práctica de todos os usos e estilos de escritura para banda.	6
4. Repaso de contidos		2
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
<b>Práctica individual</b> Realización por parte do alumnado de exercicios prácticos cun nivel de dificultade progresivo: Instrumentacións, orquestracións, transcripcións e análise de orquestracións.	0	65	65
<b>Corrección individual</b> Corrección persoalizada da práctica individual.	14	0	14
<b>Asistencia a ensaios</b> Asistencia a ensaios de diversas agrupacións e preparación previa: estudo do repertorio dos mesmos dende o punto de vista da instrumentación e orquestración	0	9	9
<b>Actividades de avaliación:</b> Probas de aula	2	0	2
TOTAL HORAS:			90



6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
<b>Práctica semanal</b> • Avaliación continua da práctica e estudo individuais (presencial e non presencial) e da participación nas diferentes actividades monográficas, asistencia a ensaios, etc. • Avaliación dos traballos entregados nas datas indicadas. <i>Obrigatorio para poder optar á avaliación continua.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Calidade dos traballos entregados: correcta aplicación dos conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade.</li> <li>• Puntualidade na entrega dos traballos nas datas indicadas.</li> <li>• Cantidade de traballo entregado respecto á planificación docente.</li> <li>• Evolución ao longo do cuadrimestre.</li> <li>• Participación constructiva e preparación das actividades colectivas.</li> <li>• Presentación dos traballos individuais.</li> </ul>	Todas	70 %
<b>Probas de aula</b> Avaliación de coñecementos teóricos, así como de realizacións prácticas durante o tempo de clase semanal.	Calidade (coñecemento e correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade), correspondencia cos traballos realizados na casa e presentación do traballo realizado.	Todas	30 %
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA)			
Igual que a convocatoria ordinaria (e alternativa, se fora o caso)			
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA, <i>se o alumno SUPERA CATRO FALTAS DE ASISTENCIA</i> , OU AVALIACIÓN CONTINUA CUALIFICADA CON SUSPENSO)			
Igual que a convocatoria extraordinaria			
<b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b>			
<b>Entrega dos traballos do cuadrimestre</b> Avaliación de todo o traballo práctico realizado ao longo do cuadrimestre, que se entregará na data do exame final.	Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade), correspondencia coa calidade do exame presencial e presentación do traballo realizado.	Todas	40 %
<b>Exame final</b> Realización dunha proba práctica de orquestración/transcripción nun tempo acorde á dificultade do/s exercicio/s proposto/s.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Calidade (correcta aplicación de conceptos técnicos estudados, creatividade e musicalidade) e presentación da realización.</li> </ul>	Todas	60 %
<b>MATRÍCULA DE HONOR</b>			
Para obter Matrícula de Honor será preciso obter un 10. En caso de haber dous ou máis alumnos nesta circunstancia será de aplicación a normativa vixente pola que só un de cada 20 alumnos dun mesmo curso pode recibir esta distinción. A decisión neste caso corresponderá ao profesor, que valorará o traballo de todo o cuadrimestre para escoller o mellor candidato. En caso de ser alumnos de diferentes profesores, a decisión corresponderá a un tribunal formado polos catedráticos de composición, que decidirán as características da proba a superar.			



## 7. BIBLIOGRAFÍA

### Bibliografía

- ADLER, S.: *El estudio de la orquestación*. Idea Books. 2006  
BARKER, P.: *Composición vocal*. Fondo de cultura económica. 2012  
CARSE, A.: *The history of orchestration*. Dover Publications Inc. 1964  
CASELLA, A. & MORTARI, V.: *La técnica de la orquesta contemporánea*. Ricordi. 1950  
CHARLÉS, A.: *Instrumentación y orquestación clásica y contemporánea (4 vol.)*. Impromptu Editores. 2008-2019  
DAVE, B & GEROU, T.: *Essential Dictionary of Orchestration*. Alfred Publishing. 1999  
ERPF, H.: *Tratado de instrumentación y del arte de la instrumentación*. Dos Acordes. 2010  
JOST, P.: *Instrumentación. Historia y transformación del sonido orquestal*. Idea Books. 2005  
KOECHLIN, C.: *Traité de l'Orchestration (4 vol.)*. Max Eschig Editions. 2013  
LEIBOWITZ, R. & MAGUIRE, J.: *Il pensiero orchestrale*. Edizione Musicali Salvati. 1960  
MILLER, R.J.: *Contemporary Orchestration*. Routledge. 2015  
PISTON, W.: *Orquestación*. Real Musical. 1992  
RIMSKY-KORSAKOV, N.: *Principios de orquestación (2 vol)*. Ricordi. 1946  
SCHERCHEN, H. *El arte de dirigir la orquesta*. Labor. 1992  
STONE, K.: *Music notation in the twentieth century*. WW Norton & Co. 1980